

# VI CONCURSO FOTOGRAFÍAS POLO TERRITORIO

É moita a beleza do territorio galego e tamén son moitas as agresións que está a sufrir, dende calquera punto de vista patrimonial, cultural, paisaxístico, perda de identidade, etc. É por iso que ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), co patrocinio da Área de Cultura e Turismo da Deputación Provincial de Lugo, convoca esta 6ª edición do concurso de fotografías polo territorio, dentro da programación da campaña que está a levar a cabo "CULTURA E TERRITORIO".

## BASES DO CONCURSO

### 1- TEMA - OBXECTO DAS FOTOGRAFÍAS

Efectos de actividades humanas que supoñen unha agresión ao noso país xa sexa contra o patrimonio, a cultura, a paisaxe ou a identidade territorial ou exemplos de posta en valor do territorio

### 2- ÁMBITO TERRITORIAL

As fotografías presentadas deberán estar tomadas nalgún punto da xeografía de Galiza.

### 3- PARTICIPANTES/CATEGORÍAS.

Poderá participar no concurso calquera persoa, afeccionada á fotografía ou que desexe denunciar por medio fotográfico calquera afección negativa ao noso país ou evidenciar a posta en valor dun espazo degradado. Establécense 2 categorías para o concurso:

Xuvenil; ate os 16 anos inclusive.

Adulto; a partir de 17 anos inclusive.

### 4- OBRAS E FORMA DE PRESENTACIÓN

Cada participante poderá presentar un máximo de catro fotografías, en branco e negro ou a cor. A presentación das fotografías será en soporte dixital enviadas coma arquivo anexo a un mail. Cada fotografía non poderá superar os 4 megas de capacidade en formato JPG. Non se admitirán manipulacións das fotografías nin collage, pero si se poderán facer retoques de cor, saturación, contraste, niveis, procesos cruzados,... Aquelas fotografías nas que o xurado considere oportuno, pedirase a orixinal sen ningún tipo de retoque, para poder comparar coa que se enviou ao concurso e deducir a súa desclasificación ou aceptación.

No mail enviado coas fotografías nun arquivo de word anexo identificarase o seu autor con nome, apelidos, mail e teléfono de contacto, así como a data e lugar en que foi tomada, a parroquia máis próxima e o concello ao que corresponde, o título e o motivo da fotografía.

Cada fotografía que se presente terá que ir nun mail con todos os datos que se piden. Se alguén quere presentar máis dunha terá que enviar tantos mails como fotografías queira presentar.

De ser posible, sería interesante a identificación das coordenadas xeográficas U.T.M. (poden ser obtidas mediante consulta do "Sistema de Información Xeográfica de parcelas agrícolas" -SIXPAC-, accesible na páxina web da Xunta de Galiza: [www.xunta.es/visor](http://www.xunta.es/visor)).

As fotografías remitiranse por correo electrónico ao seguinte enderezo; [culturaeterritorio@adega.info](mailto:culturaeterritorio@adega.info). A organización confirmará aos participantes a chegada das mesmas mediante correo electrónico.

### 5- DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN

As fotografías poderanse presentar ata o día 1 de novembro de 2016, inclusive.

### 6- XURADO

O xurado estará composto por 5 integrantes repartidos da seguinte maneira; O Presidente do xurado e un vocal designados por ADEGA, un vocal designado pola Vicepresidencia 1a da Deputación de Lugo, un vocal designado pola Escola de Artes Aplicadas "Ramón Falcón" de Lugo e un vocal designado pola Asociación de Fotógrafos de Lugo, os cales decidirán tendo en conta estas bases, por maioría de votos e de forma inapelábel.

### 7- VALORACIÓN

Valoraranse especialmente as fotografías que expresen dun xeito mais nidio ou crú agresións ao territorio galego ou a a posta en valor do mesmo.

### 8- FALLO

O concurso resolverase dentro dun prazo máximo de 45 días naturais contados dende a data límite de presentación. Organizarase un acto de entrega de premios e divulgación xeral do concurso, cuxa data e lugar será debidamente comunicada aos premiados e a sociedade en xeral (entroutros medios a través da páxina web de ADEGA, [www.adega.gal](http://www.adega.gal)).

### 9-PREMIOS

1º Premio Categoría; Adulto: Diploma e 200€.

1º Premio Categoría; Xuvenil: Diploma e 150€.

Ademais as fotografías premiadas así como as mellores seleccionadas entre todas aquelas que non obtivesen un premio, serán obxecto de exposición na páxina Web de ADEGA así como noutras posibles exposicións e publicacións.

### 10- USO DAS FOTOGRAFÍAS

O feito de participar no concurso implica a cesión do uso das fotografías presentadas a ADEGA, que poderá utilizalas citando sempre ao seu autor, en calquera actividade relacionada cos seus fins (educación ambiental, denuncia administrativa, etc.).

### 11- A PARTICIPACIÓN IMPLICA A TOTAL ACEPTACIÓN DESTAS BASES



organiza



patrocina



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Cultura

